



## CONCELLO DE GUITIRIZ

Rúa do Concello, 4  
27.300 GUITIRIZ – LUGO  
TEL. 982.370.109 FAX 982.372178

---

### III PREMIO XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO DE POESÍA

1.- O Concello de Guitiriz, para honrar a memoria do seu ilustre poeta e contribuír á promoción da poesía galega, convoca o **III PREMIO XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO DE POESÍA**.

2.- Poderán concorrer a este certame as poetas e os poetas que o desexen, cos seus poemas escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente da Real Academia Galega.

3.- Os poemarios aspirantes ao premio serán de tema e forma libres, cunha extensión mínima de 500 versos. Deberán ser orixinais e estar inéditos na súa totalidade, condición que se estende ao soporte dixital.

4.- Os e as participantes deberán enviar 4 exemplares da obra, mecanografados, sen remite identificador, ao seguinte enderezo:

### III PREMIO XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO DE POESÍA

Concello de Guitiriz  
Rúa do Concello, 4, 27300 Guitiriz

5.-As obras concursantes deberán ostentar un título e un lema, que tamén figurará no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI do autor ou autora, o seu teléfono, enderezo postal e correo electrónico, así como un pequeno currículo literario, no caso de que teña obra publicada.

6.-O prazo de presentación das obras remata o día 31 de decembro do 2017.

7.-A dotación do premio, único e indivisible, que será de 2.000 euros, estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. Se o xurado o considera oportuno, o premio poderá ser declarado deserto. Así mesmo, o xurado poderá designar un ou máis accésits ao Premio que en ningún caso comportarán dotación económica, pero que serán recomendados á editora para a súa posible publicación.

8.-O xurado será designado polo Concello de Guitiriz e estará formado por tres persoas vinculadas á poesía e/ou á crítica literaria galegas. Actuará como secretario/a, con voz e sen voto, un membro da corporación.

9.-O veredicto, que será dado a coñecer directamente ao gañador ou gañadora e a través dos medios de comunicación, terá lugar nun acto público coincidindo co natalicio de Xosé María Díaz Castro, arredor do 19 de febreiro de 2018. As obras non premiadas poderán ser retiradas polas autoras ou autores nas dependencias do Concello de Guitiriz no prazo dun mes a contar a partir da data na que o xurado faga pública a súa decisión. Transcorrido este prazo, os orixinais serán destruídos.

10.-O Premio inclúe, ademais, a publicación da obra gañadora por Edicións Espiral Maior. O Concello de Guitiriz resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada en todas as linguas do Estado. Nese sentido, o/a autor ou autora renuncia a favor do Concello, na primeira edición, a calquera tipo de remuneración



**CONCELLO DE GUITIRIZ**

Rúa do Concello, 4

27.300 GUITIRIZ – LUGO

TEL. 982.370.109 FAX 982.372178

---

polos seus dereitos de autor/a. De existir posteriores edicións deberase facer constar que a obra recibiu o III PREMIO XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO DE POESÍA.

11.-A participación nesta convocatoria implica a aceptación das bases e a interpretación que delas faga o xurado, non admitíndose recurso contra a decisión que este nas súas funcións adopte.

Guitiriz, na data que figura ao marxe.

A alcaldesa

Regina Polín Rodríguez